

UNIDADE 10

A cidade grega

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. AORISTOS RADICAIS TEMÁTICOS
2. AORISTOS RADICAIS ATEMÁTICOS
3. FUTUROS E AORISTOS PASIVOS
4. VALOR E CONSTRUCCIÓN DA VOZ PASIVA
5. O PARTICIPIO
6. A NOVELA
7. A CIDADE
8. O VOCABULARIO DAS CIENCIAS NATURAIS

Ἡ πόλις κοινωνίας τίς ἐστι τῶν ὁμοίων, ἕνεκεν δὲ ζωῆς τῆς ἐνδεχομένης ἀρίστης.

A cidade é unha comunidade de individuos iguais para vivir o mellor posible
Aristóteles, *Política*

A novela é o último xénero literario creado polos gregos e é hoxe o de maior presenza na literatura de todo o mundo. As súas orixes e primeiros pasos poderás velos nesta unidade.

Ademais poderás estudar tamén os trazos característicos de construción das cidades gregas: planos e edificios máis representativos.

1. Aoristos radicais temáticos

1.1. Definición

Os aoristos radicais temáticos teñen o mesmo valor e significado que os aoristos sigmáticos. Chámanse "temáticos" porque unen a raíz e a desinencia mediante unha vogal temática, que é **-o-** ante desinencias comezadas por nasal, **-e-** ante as demais. Constan, pois, de aumento (só en indicativo, nos demais modos non hai aumento) + raíz + vogal temática + desinencia: $\acute{\epsilon}$ -λίπ-ο-μεν, $\acute{\epsilon}$ -λίπ-ε-τε.

En grego os temas verbais poden estar marcados por graos vocálicos diferentes na raíz. Así, o verbo que acabamos de citar ten no presente a raíz λειπ-, no aoristo, λιπ- e no perfecto λοιπ-. Neste caso esquematízase a oposición como $\epsilon / \emptyset / o$ e dise que o presente ten grao pleno ϵ , o aoristo grao cero (\emptyset) e o perfecto grao pleno o (cf. alternancias de tipo semellante en galego *vir / ven- / vido*). Todos os verbos que teñen aoristo radical temático, opoñen unha raíz de presente cunha marca propia a outra de aoristo cun grao diferente.

En **indicativo**, estes aoristos utilizan as terminacións do imperfecto: -ον, etc. en activa; -όμην, etc. en media, porque son as temáticas secundarias; nos demais modos: subxuntivo, optativo, imperativo, infinitivo e participio, as terminacións do aoristo temático son as mesmas que as do presente temático.

Tomamos como exemplo o verbo λείπ-ω 'deixar', raíz λιπ-.

1.2. Voz activa do aoristo temático

	Indicativo deixei ¹	Subjuntivo deixe	Optativo	Imperativo	Infinitivo
Singular					
1 ^a	ἔ-λιπ-ο-ν ²	λίπ-ω ³	λίπ-οι-μι ⁴	λίπ-ε ⁵ λιπ-έ-τω	λιπεῖν ⁶
2 ^a	ἔ-λιπ-ε-ς	λίπ-η-ς	λίπ-οι-ς		
3 ^a	ἔ-λιπ-ε(ν)	λίπ-η	λίπ-οι		
Plural					Participio
1 ^a	ἐ-λίπ-ο-μεν	λίπ-ω-μεν	λίπ-οι-μεν	λίπ-ε-τε λιπ-ό-ντων	N. λιπ-ών, -ούσα, -ον ⁷ Xen.. λιπ-όντ-ος, -ούσης, -όντος
2 ^a	ἐ-λίπ-ε-τε	λίπ-η-τε	λίπ-οι-τε		
3 ^a	ἔ-λιπ-ο-ν	λίπ-ω-σι(ν)	λίπ-οι-εν		

Observa que nos participios e infinitivos o acento recae sobre a vogal temática.

¹ Coa partícula $\acute{\alpha}$ ν, 'eu deixaría'

² O Imperfecto é $\acute{\epsilon}$ -λειπ-ο-ν

³ O presente de Subxuntivo é λείπ-ω, etc.

⁴ O presente de Optativo é λείπ-οι-μι, etc.

⁵ O presente de Imperativo é λείπ-ε, etc.

⁶ O presente de Infinitivo é λείπ-ειν

⁷ O Participio de presente é λείπ-ων, -ουσα, -ον

1.3. Voz media do aoristo temático

	Indicativo	Subjuntivo	Optativo	Imperativo	Infinitivo
Singular					
1ª	ἐ-λιπ-ό-μην	λίπ-ω-μαι	λιπ-οί-μην		
2ª	ἐ-λίπ-ου	λίπ-η	λίπ-οι-ο	λιπ-οῦ	λιπ-έ-σθαι
3ª	ἐ-λίπ-ε-το	λίπ-η-ται	λίπ-οι-το	λιπ-έ-σθω	
Plural					Participio
1ª	ἐ-λιπ-ό-μεθα	λιπ-ώ-μεθα	λιπ-οί-μεθα		
2ª	ἐ-λίπ-ε-σθε	λίπ-η-σθε	λίπ-οι-σθε	λίπ-ε-σθε	N. λιπ-ό-μενος, -η, -ον
3ª	ἐ-λίπ-ο-ντο	λίπ-ω-νται	λίπ-οι-ντο	λιπ-έ-σθων	X. λιπ-ο-μένου, -ης, -ου

1.4. Verbos con aoristo radical temático

Presente	Futuro	Aoristo	Perfecto	Significado
αἰρέω	αἰρήσω	εἶλον (ἐλ-)	ἤρηκα	coller
ἔρχομαι	εἶμι	ἦλθον (ἐλθ-)	ἐλήλυθα	ir, vir
ἐσθίω	ἔδομαι	ἔφαγον	ἐδήδοκα	comer
λέγω	ἐρῶ	εἶπον	εἴρηκα	dicir
ὁράω	ὄψομαι	εἶδον (ιδ-)	έόρακα	ver
πάσχω	πείσομαι	ἔπαθον	πέποιθα	sufrir
πίνω	πίομαι	ἔπιον	πέπωκα	beber
τρέχω	δραμῶμαι	ἔδραμον	δεδράμηκα	correr
φέρω	οἴσω	ἤνεγκον (ἐνεγκ-)	ἐνήνοχα	llevar
βάλλω	βαλῶ	ἔβαλον	βέβληκα	disparar
γίγνομαι	γενήσομαι	ἐγενόμην	γέγονα	chegar a ser
ἔπομαι	ἔψομαι	ἐσπόμην		seguir
ἔχω	ἔξω	ἔσχον	ἔσχηκα	ter
λείπω	λείψω	ἔλιπον	λέλοιπα	deixar
πείθομαι	πείσομαι	ἐπιθόμην	πέποιθα	obedecer
πίπτω	πεσοῦμαι	ἔπεσον	πέπτωκα	caer
τίκτω	τέξομαι	ἔτεκον	τέτοκα	dar a luz
φεύγω	φεύξομαι	ἔφυγον	πέφευγα	fuxir
εὐρίσκω	εὕρησω	εὗρον	εὔρηκα	encontrar
θνήσκω	θανοῦμαι	ἔθανον	τέθνηκα	morir
ὀφλισκάω	ὀφλήσω	ὠφλον (ὀφλ-)	ὠφληκα	incorrer
ἔρομαι	ἐρήσομαι	ἠρόμην (ἐρ-)		interrogar
οἶχομαι	οἰχήσομαι	ὠχόμην (οἰχ-)		irse, partir
δάκνω	δήξομαι	ἔδακον		morder
κάμνω	καμῶμαι	ἔκαμον	δέδηγμαι	traballar, cansarse
ἀφικνέομαι	ἀφίξομαι	ἀφικόμην	κέκμηκα	chegar
ὑπισχνέομαι	ὑποσχίσομαι	ὑπεσχόμην	ἀφίγμαι	prometer
αἰσθάνομαι	αἰσθήσομαι	ἤσθομόην (αἰσθ-)	ὑπέσχημαι	percibir
ἀμαρτάνω	ἀμαρτήσομαι	ἤμαρτον (ἀμ-)	ἤσθημαι	errar, equivocarse
βλαστάνω	βλαστήσω	ἔβλαστον	ἡμάρτηκα	xerninar
λαγχάνω	λήξομαι	ἔλαχον	βεβλάστηκα	obter por sorte
λαμβάνω	λήψομαι	ἔλαβον	εἴληχα	tomar, coller
λαινθάνω	λήσω	ἔλαθον	εἴληφα	ocultarse
μανθάνω	μαθήσομαι	ἔμαθον	λέληθα	aprender
πυνθάνομαι	πείσομαι	ἐπυθόμην	μεμάθηκα	informarse,
τυγχάνω	τεύξομαι	ἔτυχον	πέπυσμαι	alcanzar, obter
			τετύχηκα	

1. As formas entre parénteses son as que se usan no aoristo en todos os modos, salvo no Indicativo.

2. Aoristos radicais atemáticos

Xunto aos aoristos radicais temáticos, que unen a raíz e a desinencia mediante unha vogal (-o / -e), hai outros aoristos radicais que unen a súa raíz ás desinencias directamente, son os chamados atemáticos (sen vogal temática). O aoristo radical atemático ten exactamente as mesmas desinencias que o aoristo pasivo. O aoristo pasivo fórmase con aumento (só no aoristo de indicativo) + a raíz + a marca de pasiva (que pode ser -θη-, -σθη- ou -η-) + a desinencia, por exemplo:

<u>Presente</u>	<u>Aoristo pasivo</u>
λύ-ω	ἐ-λύθη-ν
κελεύ-ω	ἐ-κελεύσθη-ν
φαίν-ω	ἐ-φαίνη-ν
χαίρ-ω	ἐ-χάρη-ν

Non entramos aínda a valorar o funcionamento da voz pasiva en grego. Só hai que dicir que ás veces os aoristos coas marcas anteriores son **intransitivos**. Se se toma a raíz + a marca de pasiva, resultan en **indicativo**: (aumento) + raíz + marca + desinencia, exactamente igual que os verbos que unen directamente a desinencia atemática á raíz: aumento + raíz + desinencia, salvo que nestes non hai marca de pasiva.

Estes son os verbos máis frecuentes que teñen aoristo radical atemático:

<u>Presente</u>	<u>Aoristo</u>
άλίσκ-ο-μαι	ἐ-άλω-ν
βαίν-ω	ἔ-βη-ν
γι-γνώσκ-ω	ἔ-γινω-ν
δι-δράσκ-ω	ἔ-δρα-ν
δύ-ω	ἔ-δυσ-ν
ἵ-στη-μι	ἔ-στη-ν

Como hai unha gran diversidade de formas, non imos presentar un paradigma único. Presentamos á esquerda as formacións de cada tempo e, á dereita, as desinencias. Uníndoas, pódense formar os paradigmas.

Indicativo

ἐ-κελεύσθη-	
ἐ-φαίνη-	-ν
ἐ-χάρη-	-ς
ἐ-άλω-	---
ἔ-βη-	-μεν
ἔ-γινω-	-τε
ἔ-δρα-	-σαν
ἔ-δυσ-	
ἔ-στη-	

Subxuntivo

Contráese a vogal da raíz coa desinencia propia do subxuntivo, cos seguintes resultados, segundo sexa dita vogal:

Vogal η	Vogal α	Vogal ω	Vogal υ
β- -ῶ	-ῶ	-ῶ	-ω
κελεύσθ- -ῆς	-ῆς	-ῶς	-ης
λύθ- -ῆ	-ῆ	άλ- -ῶ	-η
φάν- -ῶμεν	δρ- -ῶμεν	γν- -ῶμεν	δύ- -ωμεν
στ- -ῆτε	-ᾶτε	-ῶτε	-ητε
χάρ- -ῶσι(ν)	-ῶσι(ν)	-ῶσι(ν)	-ωσι(ν)

Optativo

As desinencias son as dos verbos atemáticos, as mesmas que as do verbo εἰμί: εἶην.
Todas as vogais longas da raíz abrevian; δύω non ten aoristo optativo.

άλο-
βα-
γνο- -ίην
δρα- -ίης
κελεύσθε- -ίη
λύθε- -ίμεν
στα- -ίτε
φανε- -ίεν
χαρε-

Imperativo

Nos verbos con morfema -θη-, -σθη- a desinencia da segunda singular é -τι no canto de -θι por disimilación de aspiradas. A terceira de plural abrevia a -ιη- de -θη- ou a última vogal da raíz do verbo pola 'Lei de Osthoff' (vogal longa seguida de sonante + consonante abrevia).

2ª singular	3ª singular	2ª plural	3ª plural
λύθη-τι	λυθή-τω	λύθητε	λυθέ-ντων
κελεύσθη-τι	κελευσθή-τω	κελεύσθη-τε	κελευσθέ-ντων
φάνη-θι	φαινή-τω	φάνη-τε	φανε-ντων
χάρη-θι	χαρή-τω	χάρη-τε	χαρέ-ντων
βῆ-θι	βή-τω	βῆ-τε	βά-ντων
στή-θι	στή-τω	στή-τε	στά-ντων
δρά-θι	δρά-τω	δρά-τε	δρά-ντων
γνώ-θι	γνώ-τω	γνώ-τε	γνό-ντων
ἄλω-θι	ἄλώ-τω	ἄλω-τε	ἄλό-ντων
δύ-θι	δύ-τω	δύ-τε	δύ-ντων

Infinitivo

A desinencia **-ναι** é a mesma que a dos verbos atemáticos (de εἰ-μί → εἶ-ναι): ἀλῶ-ναι, βῆ-ναι, δρᾶ-ναι, δῶ-ναι, γινῶ-ναι, κελευσθῆ-ναι, λυθῆ-ναι, στή-ναι, φανῆ-ναι, χαρῆ-ναι.

Participio

Son temas en **-ντ-** e só varía a vogal que precede a **-ντ-** que tamén abrevia pola citada Lei de Osthoff.

Nominativo			Xenitivo		
masculino	feminino	neutro	masculino	feminino	neutro
λυθεί-ς	λυθεί-σα	λυθέ-ν	λυθέ-ντ-ος	λυθεί-σης	λυθέ-ντ-ος
κελευσθεί-ς	κελευσθεί-σα	κελευθέ-ν	κελευσθέ-ντ-ος	κελευσθεί-σης	κελευσθε-ντ-ος
φανεί-ς	φανεί-σα	φανε-ν	φανε-ντ-ος	φθινεί-σης	φανε-ντ-ος
χαρεί-ς	χαρεί-σα	χαρέ-ν	χαρέ-ντ-ος	χαρεί-σης	χαρέ-ντ-ος
βά-ς	βά-σα	βά-ν	βά-ντ-ος	βά-σης	βά-ντ-ος
στά-ς	στά-σα	στά-ν	στά-ντ-ος	στά-σης	στά-ντ-ος
δρά-ς	δρά-σα	δρά-ν	δρά-ντ-ος	δρά-σης	δρά-ντ-ος
γινού-ς	γινού-σα	γινό-ν	γινό-ντ-ος	γινού-σης	γινό-ντ-ος
άλού-ς	άλού-σα	άλό-ν	άλό-ντ-ος	άλού-σης	άλό-ντ-ος
δύ-ς	δύ-σα	δύ-ν	δύ-ντ-ος	δύ-σης	δύ-ντ-ος

3. Futuros e aoristos pasivos

O futuro e aoristo pasivos fórmanse cos morfemas de pasiva (**-θη, σθη-, ou -η-**) + as desinencias de voz media no futuro e as desinencias do aoristo radical atemático no aoristo como vimos de ver. Exemplos.

<u>Presente</u>	<u>Futuro</u>	<u>Aoristo</u>
λύ-ω	λυ-θή-σο-μαι	έ-λύ-θη-ν
ἀκού-ω	ἀκου-σθή-σομαι	ήκού-σθη-ν
κελεύ-ω	κελευ-σθή-σομαι	έ-κελεύ-σθη-ν
γράφ-ω	γραφ-ή-σομαι	έ-γράφ-η-ν
κόπτ-ω	κοπ-ή-σομαι	έ-κόπ-η-ν

4. Valor e construción da voz pasiva

A voz pasiva é unha variante sintáctica da activa, que pretende salientar a importancia do obxecto. Non ten unha conxugación propia completa, senón que usa as formas da media, salvo nos temas de futuro e aoristo, que engaden, como queda visto, o sufixo **-θη-** ou as variantes **-σθη-, -η-** de orixe intransitiva. A voz pasiva ten esa mesma orixe intransitiva, polo que é moi difícil atopar construcións pasivas con verbos intransitivos e noutros casos é dubidoso se a construción é pasiva ou unha voz media con complemento circunstancial.

As oracións pasivas fórmanse a partir de verbos transitivos e os seus elementos son: Sujeito paciente en Nominativo, Verbo con desinencias medio-pasivas concordando con el e un Complemento Axente.

4.2. Construción do complemento axente

As formas máis habituais son as seguintes:

- a) En xenitivo con ὑπό, se o axente é nome de persoa: φιλοῦμαι ὑπὸ τοῦ πατρός 'son amado polo meu pai', νομίζοντες καὶ ἐμὲ ὑφ' ὑμῶν κεκλησθαι 'crendo que tamén eu fora convidado por vós'.
- b) En dativo sen preposición, frecuente se o axente é nome de cousa: κωλύονται τῷ νόμῳ 'son prohibidos pola lei'. Tamén soe ir en dativo cando o verbo está en perfecto ou pluscuamperfecto: ἔαν τοῦτο νικῶμεν, πάνθ' (= πάντα) ἡμῖν πεποίηται 'se vencemos nisto, todo está xa feito por nós'. Neste caso leva dativo porque o verbo está en perfecto.

4.3. Cambios de oración activa a pasiva

Para pasar unha oración activa a pasiva procédese da seguinte maneira: o obxecto directo en acusativo ponse en nominativo (SPaciente), e o verbo ponse en pasiva no mesmo tempo e modo, pero concordando en número e persoa co novo suxeito (VPasivo), e o que era suxeito pásase a xenitivo ou dativo, segundo o dito no parágrafo anterior (CAxente).

Σόλων τοὺς δούλους ἔλυσε 'Solón liberou os escravos'

Sx CD V
οἱ δούλοι ὑπὸ Σόλωνος ἐλύθησαν 'os escravos foron liberados por Solón'.
SP CA VP

Vocabulario

Substantivos		
ἀετός, -οῦ, ὁ aguia	οἰστός, -οῦ, ὁ dardo	δέω atar
Αἰολεῖς, -έων, οἱ os eolios	οὐρά, -ας, ἡ cola, retagarda	διαβαίνω atravesar
αἰχμάλωτος, -ου, ὁ prisioneiro	ὄχθη, -ης, ἡ ribazo	διαδέω atar dun lado a outro
Ἄπις, Ἄπιδ-ος, ὁ Apis <i>boi sagrado dos exipcios</i>	Παντάρης, -ους, ὁ Pantares	δουλόω escravizar (ver δοῦλος)
Ἀρμενία, -ας, ἡ Armenia	Σάβυλλος, -ου, ὁ Sabilo	εἰκάζω representar, imitar
βάτραχος, -ου, ὁ ra	Σάρδεις -εων, αἱ Sardes <i>capital de Lidia</i>	ἐκβαίνω saír
βουκόλος, -ου, ὁ boieiro	σήμα, σήματος, τό sinal, túmulo	ἐξοπλίζω armar totalmente, <i>en voz media</i> armarse totalmente
Γέλη, -ης, ἡ Xela <i>cidade do sur de Sicilia</i>	σημεῖον, -ου, τό sinal	θανατόω executar, condenar a morte
ἐλαία, -ας, ἡ oliveira	τέλος, -ους, τό realización, Xurisdicción, (en pl.) maxistrados	κιχάνω alcanzar
θρίξ, τριχ-ός, ὁ pelo (con τ- salvo cando aparece ξ, en N.sg. e D.pl.)	τρίγωνον, -ου, τό triángulo	κοιλαίνω escavar
Ἱπποκράτης, -ους, ὁ Hipócrates	τρίχας ver θρίξ	κωλύω impedir, rexeitar
Ἴων, Ἴων-ος ὁ xonio (οἱ Ἴωνες 'os xonios)	Adxectivos	μαίνω manchar
κάλαμος, -ου, ὁ cana, cálamo	διπλοῦς, -ῆς, -οῦν dobre	ὀνειδίζω inxuriar
κάνθαρος, -ου, ὁ escaravello	εὐδαιμονέστατος, -ης, -ον feliz <i>superlativo de εὐδαίμων</i> -ον	ὀφείλω deber
Κλέανδρος, -ου, ὁ Cleandro	κατήκοος, -ον súbdito	παρατάσσω, -ττω poñer en orde de batalla
Κόρινθος, -ου, ὁ Corinto	λευκός, -ή, -όν brillante, branco	πέρθω destruír, arrasas
Λεωνίδας, -ου, ὁ Leónidas	πεζός, -ή, -όν pedestre, soldado de a pé, infantería.	πολιορκέω asediar
Λύσανδρος, -ου, ὁ Lisandro	Verbos	τρέπω volver
μέτωπον, -ου, τό fronte	ἀλγέω doer	τρέφω alimentar
μοναρχία, -ας, ἡ monarquía, goberno supremo	ἀναλαμβάνω tomar, asumir	φράττω pechar, protexer
μόςχος, -ου, ὁ tenreiro	ἀποθνήσκω morrer	χαίρω alegrarse
νῶτος, -ου, ὁ as costas, superficie do mar	ἀποπλέω, aor. ἀπέπλευσα zarpar	χρίω rozar, unxir
	βούλομαι querer	Palabras invariables
	δέρκομαι mirar	ἄνω arriba
		ἐνταῦθα entón, daquela
		ὅτι <i>conxunción subordinante</i> que

πέραν' ao outro lado

Realiza a πράξις

5. O participio

5.1. Definición

Denomínase participio á forma verbal que permite expresar calidades do substantivo co que concerta en valores oracionais subordinados á acción dun verbo principal, así como ter réxime (obxecto directo ou no caso que teña como réxime o verbo correspondente). Por esta dobre posibilidade de funcionar á vez como adxectivo e como verbo chamouse participio, porque “participa” das categorías do nome e do verbo. Pode ir tamén en construcións absolutas, é dicir, independentes, e daquela chámase “participio absoluto”. Neste uso o caso máis frecuente é o **xenitivo**, chamado ‘xenitivo absoluto’, aínda que tamén aparecen outros.

Como **adxectivo**, ten flexión completa, e como **verbo**, ten formas para cada un dos temas. Os participios por si mesmos non poden expresar a noción de tempo; esta dedúcese do contexto, a partir do que poden expresar un tempo absoluto (relacionado co momento en que se fala) e relativo (en relación co verbo principal).

5.2. Formas e tradución

O verbo grego posúe un participio por cada tema en voz activa e media (e uns especiais para a voz pasiva en futuro e en aoristo). Veremos os do verbo λύω. Dámos agora unha tradución convencional (en xerundio) para cada un, aínda que logo sinalaremos outras traducións posibles:

	Presente	Futuro	Aoristo	Perfecto
Activa	λύων, -ουσα, -ον ¹ 'desatando'	λύσων, -ουσα, -ον 'habendo de desatar'	λύσας, -σα, -σαν ² 'tendo desatado'	λελυκώς, -υῖα, -ός ³ 'tendo desatado'
Media	λυόμενος, -η, -ον 'desatándose'	λυσόμενος, -η, -ον 'habendo de desatarse'	λυσάμενος, -η, -ον 'téndose desatado'	λελύμενος, -η, -ον 'téndose desatado'
Pasiva	λυόμενος, -η, -ον 'sendo desatado'	λυθησόμενος, -η, -ον 'habendo de ser desatado'	λυθείς, -εῖσα, -έν ⁴ 'tendo sido desatado'	λελύμενος, -η, -ον 'tendo sido desatado'

1. O masculino e o neutro declínanse como un tema en -ντ con N-V-A neutro singular en -ον e con N-V-A neutro plural en -οντα; o feminino, como un tema en alfa mixto.

2. O masculino declínase como γίγας, o neutro, como πᾶν, con N-V-A neutro singular λύσαν e con N-V-A neutro plural λύσαντα; o feminino, como un tema en alfa mixto.

3. λελυκώς (neutro -ός) declínase como un tema en -τ, A. λελυκότα, X. λελυκότος, D. λελυκότι; en plural Nom. masculino λελυκότες, neutro λελυκότα, etc. O feminino declínase como un tema en alfa puro (aínda que breve en N-V-A, longa en X-D): N. λελυκυῖα, A. λελυκυῖαν, X. λελυκίας, D. λελυκυία, etc.

4. O masculino e o neutro declínanse como un tema en -ντ. Vimos modelo na Unidade 9. O feminino, como un tema en alfa mixto.

O verbo εἰμί só ten dous participios, un de presente: N. ὢν, οὔσα, ὄν, X. ὄντος οὔσης, ὄντος, e outro de futuro, ἐσόμενος, -η, -ον.

a) Participio de presente

O participio de presente expresa unha acción simultánea á do verbo principal e tradúcese por xerundio simple, por 'ao' + infinitivo, ou por unha oración de relativo, temporal ou causal con presente ou imperfecto. O contexto daranos a pauta para elixir a tradución máis axeitada: ἔθαπτεν αὐτοὺς, νομίζων ἐν τῇ γῇ φίλῃ τιθέναι 'soterrounos, crendo (porque cría, ao crer) que os puña en terra amiga'.

b) Participio de aoristo

O participio de aoristo expresa anterioridade á acción principal. Pode traducirse por un xerundio composto, por construcións como 'tras ter' + participio, ou relativa, temporal ou causal, co verbo en indefinido ou en pluscuamperfecto: τυραννεύσας δὲ ἔτη τρία Ἱππίας ἐχώρει εἰς Σιγείον 'Hippias, tras ter sido (tendo sido, despois de ter sido, que foi, que fora) tirano durante tres anos, retirouse a Sixeo'. Tamén pode expresar simultaneidade no pasado: εὖ γ' ἐποίησας ἀναμνήσας 'fixeches ben en recordarmo (recordándomo)'.

c) Participio de futuro

O participio de futuro expresa desexo, vontade ou finalidade tras verbos de movemento. Tradúcese con 'para' + infinitivo ou 'co desexo de, coa intención de' + infinitivo: ἦλθε λυσόμενος θύγατρα 'veu co desexo de (coa intención, para) rescatar a súa filla'.

d) Participio de perfecto

O participio de perfecto expresa, como todo o tema de perfecto, estado presente resultante dunha acción pasada. Pode traducirse en xeral por un participio, ademais das construcións semellantes ás xa mencionadas: οἶμαι (ὕμᾱς) τὸν ἐφεστηκότα κίνδυνον τῇ πόλει διαλύσειν 'coido que (vós) eliminaredes o perigo (que ten) caído sobre a cidade'.

5.3. Substantivación do participio

Se leva artigo, o participio vai substantivado e tradúcese por unha oración de relativo, cos verbos que corresponden a cada tempo: ὁ λύων 'o que desata', ὁ λύσων 'o que desatará', ὁ λύσας 'o que desatou', ὁ λελυκώς 'o que ten desatado'.

5.4. Construcións do participio

Existen catro tipos de participio: atributivo, explicativo, apositivo e predicativo.

Participio atributivo e explicativo

O participio **atributivo** equivale a un adxectivo atributivo, é dicir, ao que vai inmediatamente precedido de artigo. É como unha oración de relativo especificativa (ten, pois, un valor delimitador e excluínste): οἱ καμόντες στρατιῶται ἐκοιμήθησαν 'os soldados que estaban fatigados (excluíndo ou opoñéndose aos que non estaban) deitáronse'.

O **explicativo**, non precedido do artigo, non ten valor excluínste: οἱ στρατιῶται καμόντες ἐκοιμήθησαν 'os soldados, que estaban fatigados (isto é, todos), deitáronse'.

Participio apositivo

O participio apositivo, sen artigo, forma co substantivo co que concorda unha especie de oración circunstancial, cuxo suxeito é dito substantivo. Pode equivaler a oracións

subordinadas: modais, concesivas, de relativo, temporais, finais, causais e condicionais.
Dous tipos:

1. Participio aposición dun suxeito ou dun complemento

a) Uso modal

Serve para expresar o modo, medio ou outras circunstancias que afectan á acción verbal: μειδήσασα δὲ παιδὸς ἐδέξατο χεὶρὶ κύπελλον 'e sorrindo, colleu coa man a copa do seu filllo'.

b) Uso concesivo

Equivale a unha oración concesiva: θανῇ γὰρ οὐ ἐθέλουσα 'morrerás aínda que non queiras'; οἶεταί τι εἰδέναι οὐκ εἰδώς 'cre saber algo, aínda que non sabe'.

c) Uso temporal

Equivale a unha oración temporal: ἐπισχὼν δὲ ὀλίγον χρόνον, ἀποφέρεται ὁ θύσας τὰ κρέα 'despois de agardar un intre, o que sacrifica leva as carnes'; λαμβάνετε τάδε λαβόντες δέ ἴτε 'collede iso e, cando o teñades collido, marchade'. Neste uso, o participio pode ir acompañado dalgún adverbio, como ἅμα, μεταξύ, αὐτίκα, εὐθύς: εὐθύς νέοι ὄντες, τὸ ἀνδρεῖον μετέρχονται 'tan pronto chegan a mozos, buscan a fortaleza viril', φεύγοντες ἅμα ἐτίτρωσκον τοὺς πολεμίους 'ao mesmo tempo que fuxían ferían ós inimigos'.

d) Uso final

Aparece en futuro. Equivale a unha oración final. Frecuentemente aparece con verbos de movemento: Ἴριν δ' ὥτρυνε ἀγγελοῦσαν 'enviou a Iris para que avisase'; εἰς Δελφοὺς χρησόμενος τῷ χρηστηρίῳ πορεύεται 'marcha a Delfos para consultar o oráculo'.

e) Uso causal

Equivale a unha oración causal: ὀλεῖσθε δ' ἡδίκηκότες τὸν ἄνδρα τόνδε 'morreredes por ter inxuriado a este home'. Ás veces o verbo principal vai introducido por ἔνεκα, διὰ τὰδε, διὰ τοῦτο, οὕτω: διὰ τὰδε δεῖ πολεμεῖν ἢ ἀδικουμένους ἢ βοηθοῦντας ἡδικημένους 'dé-bese combater por isto: ou por ter sufrido inxuria, ou por axudar aos que a teñen sufrido'. Hai algunhas expresións estereotipadas moi usuais, como τί παθῶν; 'por que motivo?' (literalmente 'téndoches pasado que'), τί μαθῶν; 'de que te decataches para que...?' (literalmente 'tendo aprendido que'), τί βουλόμενος; 'con que propósito?' (literalmente 'querendo que'): τί παθόντες ἐρεμνὴν γαῖαν ἔδυτε; 'por que motivo descendestes baixo a sombría terra?'

Neste uso ás veces o participio vai reforzado con algunha partícula, frecuentemente ὥς co valor de 'coma se': τὸν θάνατον δείδουσιν ὥς εὖ εἰδότες, ὅτι τι μέγιστον τῶν κακῶν ἐστὶ 'temen a morte coma se soubesen que é o maior dos males'.

f) Uso condicional

Equivale á prótase (é dicir, á frase con 'se') do período hipotético: ἁμαρτήσῃ, μὴ δράσας τάδε 'non atinarás, se non fas isto'.

2. Participio absoluto

Atopamos en grego un uso do participio desligado da oración, ao que chamamos participio absoluto. O máis frecuente é que apareza en xenitivo, aínda que non é raro o uso do acusativo. Son pouco frecuentes o nominativo e o dativo absolutos.

a. Xenitivo absoluto

Se o participio ten un suxeito propio, a expresión enteira ponse en xenitivo: διαβεβηκότες ἤδη Περικλέους... ἡγγέλθη αὐτῷ 'tendo pasado (cando pasara) xa Pericles,... foille anunciado'; Μιλτιάδου ἡγεμόνος ὄντος 'sendo (cando era) xefe Milcíades'; σοῦ παιδὸς ὄντος 'sendo ti (cando ti eras) neno'.

b. Acusativo absoluto

En grego emprégase o participio en acusativo neutro dunha maneira absoluta en verbos que indican conveniencia, necesidade ou posibilidade: ἔξόν, ἐνόν, μετόν, παρόν, ὑπάρχον 'sendo posible'; προσήκον, πρέπον 'sendo conveniente'; δέον, χρεών 'sendo necesario, dedogménon 'estando decidido'.

Tamén atopamos neste uso o participio do verbo εἰμί cun adxectivo neutro: ἀδύνατον ὄν 'sendo imposible', αἰσχρὸν ὄν 'sendo vergoñento', ἄδελον ὄν 'sendo incerto': ὑμᾶς ἐξὸν ἀπολέσαι 'sendo posible matarvos'; οὔσης παρρησίας καὶ ἐξὸν λέγειν 'habendo liberdade e sendo posible falar'.

Participio predicativo

Neste caso o participio, non precedido do artigo, forma parte integrante da acción principal da oración, completando ao predicado verbal ou servíndolle de complemento directo. Este participio pode atoparse en todos os casos: en nominativo concordando co suxeito; en acusativo, xenitivo e dativo, concordando co complemento.

a. Participio referido ao suxeito

Adoita traducirse, cando se refire ao suxeito, por un infinitivo, un adverbio ou unha oración circunstancial. Levan participio referido ao suxeito:

- Os verbos que expresan un modo de ser, como τυγχάνω, λαιθάνω, φαίνομαι: ἔτυχε γὰρ ἐρχομένη ναὺς 'cadrou a saír unha nave' ('saíu unha nave casualmente'); ἡ μάθησις οὐκ ἄλλο τι ἢ ἀνάμνησις τυγχάνει οὖσα 'a aprendizaxe non resulta ser outra cousa que recordar ('a aprendizaxe non é precisamente outra cousa que recordar')'.
- Os que expresan un momento ou a calidade da acción: 'comezar', rematar', 'continuar', 'cesar', 'anticiparse', 'avantaxar': καλῶς ἐποίησας λέγων 'fixeches ben falando'; φθάνω τοὺς φίλους εὐεργετῶν 'doume présa en favorecer (favorecendo) aos amigos'.
- Os que expresan sentimento ou afecto: χαίρω, ἡδομαι, αἰσχύνομαι, ἀγανακτέω, μεταμέλομαι: αἰσχύνομαι τοῦτο ἰδὼν 'avergóñome vendo (de ver) isto'.

b. Participio referido ao complemento

Poden levar participio predicativo referido ao complemento os verbos de percepción sensible, como 'ver', 'oír', 'saber', 'acordarse', 'ignorar', 'comprender', 'mostrar': ὁρῶ ταῦτα ἀληθῆ ὄντα 'vexo que estas cousas son verdadeiras'; δεῖξω οὕτω ταῦτα ἔχοντα 'demostrarei que isto é así; ὁρῶ σε ἀδίκως ἀποθνήσκοντα 'vexo que morres (véxote morrer) inxustamente'.



Vocabulario

Substantivos

ἄνυτος, -ου, ὁ Ánito, acusador de Sócrates
κατήγορος, -ου, ὁ acusador
οἰκησις, -εως, ἡ residencia, casa
πάθος, -ους, τό sensación,
sentimento, inspiración, paixón
Πατηγύας, -ου, ὁ Patexias, un
persa
ποίησις, -εως, ἡ poesía

Adxectivos-pronomes

πιστός, -ή, -όν fiel, leal
τοιούτος, τοιαύτη, τοιοῦτο(ν)
tal, de tal clase, semellante
χρηστός, -ή, -όν valente

Verbos

αἰσθάνομαι (con Xen.) decatarse
(xeralmente con part. predicativo,
co valor dunha oración substantiva)
ἀποικέω vivir, habitar
ἀποιοστέω regresar, volver á casa

γίγνομαι, perf. γέγονα, chegar a
ser, haber
δεῖ (impersoal) é necesario, é
preciso, débese
ἐλαύνω fut. ἐλῶ aor. ἤλασα perf.
ἐλήλακα *trans.* empuxar;
intrans. cabalgar
ἐπισκοπέω inspeccionar
εὕρισκω encontrar, atopar
ἐφοράω pasar revista, inspeccionar
ζητέω buscar
ἰδρώ suar, estar empapado de suor
οἶομαι crer, pensar, coidar
πάσχω sentir, experimentar
πέμπω enviar
προφαίνομαι mostrarse, aparecer
συμπαρεκτείνω comparar con
συμφέρω convir, aproveitar
φοβέομαι, -οῦμαι temer

Palabras indeclinables

ἅμα xuntamente, ao mesmo tempo
καὶ ἅμα e ao mesmo tempo

ἀμφί (con acusativo) arredor de,
cerca de, xunto a, con relación a; οἱ +
ἀμφί + nome de persoa 'os
partidarios de'
ἀνά con Ac. expresa: lugar 'cara a
arriba' ἀνά ποταμόν 'río arriba',
ἀνά τὰ ὄρη 'montes arriba';
'por', ἀνὰ ἄστυ 'pola cidade';
tempo ἀνὰ νύκτα 'durante a
noite'; valor figurado ἀνὰ
κράτος a galope, con todas as súas
forzas
διὰ con Ac. expresa: lugar 'por, a
través de'; tempo 'durante' διὰ νύκτα
'durante a noite'; causa 'por'
μή..., μηδέ 'non..., nin...'
πάλαι hai tempo, noutro tempo;
πάλαι ἤδη 'xa desde hai tempo'
πρός (con Ac.) a, cara a, ante
πρόσω lonxe

Realiza a πράξις 2

6. A novela

6.1. Orixe

A novela é a máis recente dentro dos xéneros literarios gregos. As súas orixes son difíciles de establecer. Durante moito tempo foi considerada como un produto tardío da época imperial romana, do século II d.C., e nacida baixo a influencia da segunda sofística. Os papiros atopados cambiaron esta cronoloxía, atrasándoa ata o século I a.C., e mesmo máis, ata a etapa final do período helenístico, segundo testemuñan os tres fragmentos da novela *Nino e Semíramis*. O xénero alcanzou gran desenvolvemento ao longo de máis de cinco séculos. En realidade a novela viña a substituír ao vello xénero épico nunha sociedade distinta á aristocrática do período arcaico. A sociedade da última etapa helenística e imperial romana é máis uniforme. E, como máis instruída cá arcaica, gusta da lectura de relatos imaxinarios, “aburguesados”, sen grandes complicacións temáticas, pero con certo *suspense* e final agradable.

O relato de viaxes ten un ascendente claro na *Odisea*, pero tampouco hai que esquecer a grande influencia que as viaxes de Alexandre, a través dun mundo descoñecido, exerceron na historiografía helenística, nin o afán dos novelistas por situar a trama novelesca nun ambiente histórico. É característico da novela presentar un relato ficticio pero verosímil. O tema erótico tivo unha gran presenza na poesía helenística. Os dous elementos, o das aventuras e o amoroso, adoitan formar un só tema. Tamén hai que ter en conta a influencia do drama, cuxo patetismo amoroso, presente nas traxedias de Eurípides, e os abandonos e reencontros, habituais na comedia nova, deixaron a súa pegada no novo xénero da novela. Unha novela grega é unha narración amorosa en prosa, de extensión variable, na que se relata unha longa serie de aventuras, incluíndo viaxes perigosas por afastados países, de dous namorados que se ven separados, pero cun final feliz. As novelas tiveron gran prestixio e influencia na época bizantina e en autores da literatura castelá, como Lope de Vega e Cervantes.

6.2. Autores e obras

O exemplo máis antigo dunha novela do que temos noticia é *Nino e Semíramis* que trataba da mocidade do famoso rei de Asiria e dos seus amores coa raíña Semíramis. Pero só cinco novelas gregas nos chegaron completas:

Quéreas e Calíroe, de Caritón de Afrodísias (século I a.C. ou d.C.). En oito libros nárrese unha longa historia de amor de dous nobres de Siracusa que logran unirse en matrimonio a pesar de que seus pais son adversarios políticos. A partir de aí, sucédese unha serie de separacións e reencontros, ata o final feliz co reencontro definitivo e a volta á casa.

As Efesíacas (Antea e Habrócomes), de Xenofonte de Éfeso (polo 100 d.C.), é unha novela en cinco libros cuxos protagonistas son dous mozos de Éfeso (Antea e Habrócomes), ambos de gran beleza. Un deles, Habrócomes, é castigado por desprezar o poder de Eros.

Leucipa e Clitofonte, de Aquiles Tacio (II d.C.), conta con máis realismo, e con certa ironía paródica, unhas aventuras amorosas máis atrevidas, as peripecias de Leucipa e Clitofonte narradas en primeira persoa: o seu namoramento, a súa separación polo rapto de Leucipa en Exipto e o reencontro dos namorados en Éfeso.

Dafnis e Cloe, de Longo de Lesbos (II d.C.), preséntanos a iniciación en materia amorosa de dous mozos baixo a protección dos deuses Pan, as Ninfas, Eros e Dioniso. Presenta esta novela tres novidades: a ausencia da viaxe (elemento fundamental no xénero), a adaptación do idealismo bucólico e a inclusión de certa relixiosidade.

As *Etiópicas* (*Teáxenes e Cariclea*), de Heliodoro de Émesa (século III-IV d.C.), relata as aventuras de dous namorados, Teáxenes e Cariclea, por Grecia, Exipto e Etiopía baixo a protección do deus Helio (o Sol), cuxo sacerdocio acaban exercendo ambos amantes nas terras de Etiopía.

Por outro lado, debemos ao patriarca Focio os resumos doutros dous interesantes textos novelescos: *As marabillas de máis alá de Tule*, de Antonio Dióxenes (probablemente de comezos do século II a.C.) e as *Babiloniacas* de Iámblico (tamén do século II). A estes títulos hai que engadir un breve relato de tradición hebrea: *Josef e Asenet*, do século I d.C., a novelesca *Vida de Alexandre* do Pseudo Calístenes e os *Relatos Verídicos* de Luciano de Samósata, que é unha excelente parodia dos relatos de viaxes fabulosas.

6.3. Influencia da novela

Dafnis e Cloe e *As Etiópicas* foron as máis coñecidas nas épocas bizantina e moderna:

A novela grega está na orixe, aínda que unida a outros elementos, primeiro dos Libros de Cabalerías (Cervantes recoñece que o seu *Persiles* está inspirado en Heliodoro), que combinan dunha maneira semellante aventuras e erotismo; logo, da novela do Renacemento, por exemplo, a *Fiammetta* de Boccaccio. Tamén hai que contar con novelas latinas, que ás veces están inspiradas por orixinais gregos: así as *Metamorfoses* de Apuleio, que conta a transformación do protagonista en asno e inclúe o conto de Eros e Psique. Outras veces parecen non repousar nun orixinal grego, aínda que a inspiración grega remota sexa innegable: así no caso da *Historia de Apolonio rei de Tiro*, que tanto influíu na literatura medieval, no noso *Libro de Apolonio*, por exemplo.

No caso da novela é ben claro que as literaturas modernas foron moito máis alá do seu modelo grego en realismo, penetración psicolóxica e valor literario. A partir dun certo momento, cando se chega a perder interese polo argumento ou pola trama, e o novelista se concentra na análise psicolóxica pormenorizada ou renuncia a seguir a corrente do tempo e a separar entre o real, o onírico e o simbólico, a novela está moi lonxe do seu modelo orixinal. Pouco teñen que ver xa cos gregos obras como as de Proust ou Joyce.

A través de novelas do século XVIII como *Pablo e Virxinia* de Bernardin de Saint Pierre, que enlazan con Longo e combinan temas idílicos, de aventuras e eróticos, os esquemas da novela grega penetraron no século XX, aínda que logo se ampliarán por obra de creadores como Balzac, Dickens, Galdós e Dostoyevsky.



O tema dos amores de Eros e Psique dou lugar a múltiples representacións, coma esta do Museo do Palacio dos Conservadores de Roma, procedente dun orixinal grego do século II d.C.

7. A cidade


7.1. A cidade grega na época clásica

A poboación de calquera gran cidade de Grecia estaba constituída por cidadáns, por escravos e por estranxeiros libres (que en Atenas recibían o nome de *metecos*). Todas as grandes cidades tiñan unha zona urbana e outra rural adxacente que formaba unha unidade administrativa, á que chamamos cidade-estado, ou co nome grego, *pólis*, porque era autónoma e independente. En Grecia non se chegou a unha integración territorial no concepto de nación, quizais polas dificultades xeográficas de comunicación e polo apego ao concepto de autonomía e independencia. Agora ben, todos os gregos eran conscientes de falar a mesma lingua, coas súas variantes dialectais e locais, e de pertencer a unha mesma etnia, a unha mesma cultura, honrar aos mesmos deuses e ter os mesmos cultos e as mesmas festas panhelénicas nas que se identificaban fronte aos que non eran gregos, aos que chamaban *bárbaros*. En Atenas ademais dos demos, que eran pequenas demarcacións urbanas ou rurais, había outras dúas cidades en sentido moderno, o Pireo e Eleusis. Só os homes libres participaban na vida pública e no goberno das institucións de calquera tipo. Había multitude de profesións, como ferreiros, fabricantes de armas, oleiros, bataneiros, curtidores ou carpinteiros. Os estranxeiros libres adoitaban ser comerciantes, armadores ou traficantes, entre outros produtos, de armas.

O equipamento urbano estaba formado sobre todo polos templos e recintos sacros dos deuses, especialmente dos grandes deuses do panteón grego, pero tamén dos heroes propios de cada cidade. Había teatros e odeóns que en certa medida estaban relacionados co culto, edificios públicos oficiais e instalacións deportivas, como os ximnasios e as palestras.

O centro da cidade era a praza pública na que se reunía a xente e se celebraba o mercado, é dicir, a *ágora* (ἀγορά). Orixinariamente este substantivo significaba reunión, acción de reunirse (de ἀγείρω 'reunir', 'xuntar'). Nos poemas homéricos con este substantivo faise referencia ás asembleas do pobo e do exército cos seus xefes. En Atenas, a asemblea dos demos e das tribos tamén se denominaba con este substantivo, por oposición a ἐκκλησία 'assemblea do pobo'.

A partir deste significado pasa a indicar o lugar no cal se reunían 'lugar de reunión'. Despois de Homero pasa a significar 'ágora', 'praza pública' e 'praza na que se realizaba o mercado'.



Plano da Acrópole de Atenas: 1. Templo de Nike Áptera. 2. Fachada interior dos Propíleos. 3. Estatua de Atenea Prómako. 4. A calcoteca. 5. Partenón. 6. Erecteion. 7. Altar de Atenea.

En Atenas a ágora non era só a praza pública, senón un amplo emprazamento semellante a unha pequena cidade dentro doutra máis grande. Estaba formada por avenidas e paseos cheos de árbores e construcións como a sala do Consello, tribunais, templos e zonas reservadas aos mercadores, onde vendían as súas mercadorías en pequenos postos. Tamén se conservan importantes restos da ágora doutras cidades gregas.

Un elemento moi frecuente nas cidades gregas é a Ἀκρόπολις ‘acrópole’ (de ἄκρο ‘alto’ e πόλις ‘cidade’). Entre os gregos era a fortificación elevada das súas cidades, na que podían protexerse contra un ataque inimigo. Nela había un palacio e santuarios. As acrópoles remóntanse á época micénica. Ademais da de Atenas son famosas as de Corinto (Acrocorinto), Tebas (Cadmea), Argos (Larisa), Micenas e Tirinte, entre outras. As escavacións arqueolóxicas na Acrópole de Atenas permitiu descubrir os restos de antigas construcións dos séculos VII e VI a.C. destruídas polos persas no ano 480 a.C. e as estatuas de κοῦροι ‘rapaces’ e κόραι ‘rapazas’ mutiladas que hoxe poden contemplarse no seu museo. Despois da batalla de Salamina, deixou de ser unha fortaleza e foi embelecida con templos (Partenón, Erecteion, Nike Áptera) e cunha entrada monumental (os Propíleos). Entre os Propíleos e o Partenón alzábase o santuario de Ártemis Brauronia e a Calcoteca na que se gardaban ofrendas votivas de bronce. A Acrópole xunto co teatro de Dioniso, o Odeón de Pericles, o santuario de Asclepio, o pórtico de Eumenes, o Odeón romano construído por Herodes Ático, chegou a ser a obra mestra da cultura grega e admiración de cantos viaxeiros chegaban á cidade.

A poboación normal habitaba en casas de pouco luxo e dun só andar. Arredor dun patio central construíanse cuartos, destinados ás mulleres e aos homes, o cuarto do matrimonio (tálamo), que adoitaba estar na zona destinada a mulleres. Había cuartos destinados a talleres nos que traballaba a ama de casa coas escravas, tecendo e fiando. O número de cuartos estaba en función da riqueza do propietario. Os ricos tiñan patios centrais rodeados de columnas, comedores onde se celebraban os simposios e salas de estar, e as súas casas normalmente adoitaban ter dúas alturas.

Para controlar o perfecto funcionamento dos servizos públicos dunha gran cidade como Atenas ou o Pireo había funcionarios que coidaban de determinados servizos, semellantes aos edís de Roma. Temos noticias dos nomes dalgúns destes funcionarios, como os *epimeletas*, que coidaban as fontes e os acuedutos, os ximnasios, o comercio marítimo, os arsenais ou os ingresos públicos; os *astínomos*, que se encargaban da vixilancia e da limpeza nas cidades; ou os *agoránomos*, cinco en Atenas e cinco no Pireo, encargados de vixiar os mercados e evitar a fraude.


7.2. Cidades hipodámicas

En cidades de creación máis moderna cás antigas urbes como Atenas, experimentábanse novos modelos urbanísticos. Destaca a aportación do primeiro urbanista Hipódamo de Mileto, que deseña o modelo do que sería unha cidade funcional.

Un dos mellores exemplos que conservamos de cidade hipodámica é Priene, en Asia Menor. Non é unha grande urbe, senón unha pequena cidade duns 5.000 habitantes (Hipódamo consideraba que o límite tolerable para unha cidade son 10.000). Esténdese sobre diversas terrazas desde a planicie ata a acrópole na que se alza o templo de Atenea. Cruzan a cidade seis avenidas principais coas que se cruzan en ángulo recto quince rúas. O máis curioso é que se mantén o esquema cuadrículado, pese a que se atopa sobre unha pendente, polo que con frecuencia as rúas convértense en escaleiras. Queda así Priene dividida nuns oitenta bloques de casas, de aproximadamente 46 x 34 m.; cincuenta delas eran casas privadas, máis ou menos subdivididas, segundo a importancia económica dos donos. O normal é catro casas por bloque, pero pode haber máis. Se son edificios oficiais, poden ocupar o bloque completo. As casas típicas constan dun patio rodeado de cuartos.

O centro da cidade ocúpalo o templo, unha *stoa* (avenida porticada para pasear), un *buleuterion* (sala de reunión do Consello da cidade) e un teatro. A orientación da cidade permitía que as rúas estivesen asolladas no inverno e en cambio máis sombreadas no verán. Numerosas fontes corrían en diversos puntos da cidade. Estaba rodeada por un muro, construído de mármore local e conservado en bo estado. A porta principal atopábase ao nordeste, e había outras dúas, unha ao oeste, ao final da avenida principal, e outra ao leste, ao final da rúa que cruzaba pola *stoa* da ágora.

Outras cidades de Asia Menor e da Magna Grecia presentan plantas hipodámicas. E advírtese nelas un interese por dotar aos cidadáns dun ámbito agradable para o paseo, a conversación, a asistencia aos espectáculos públicos e a vida en común.



Eumenes II, fillo de Átalo I, construíu o Gran Altar de Pérgamo dentro do ambicioso plan de ambos reis para converter a cidade no centro artístico e literario de Asia Menor. Os seus relevos e elementos arquitectónicos foron trasladados ao Museo de Pérgamo en Berlín, onde foi minuciosamente reconstruído.

Realiza a πράξις 4

8. O vocabulario das ciencias naturais

Aristóteles estudou sistematicamente os animais, polo que podemos afirmar que é o creador da **Bioloxía** animal, chamada pola ciencia **Zooloxía**. Teofrasto de Ereso e outros botánicos gregos e romanos posteriores formularon cientificamente o estudo da **Botánica**. A terminoloxía científica das Ciencias que vén a continuación é só unha mostra extraída de libros de texto de ESO e Bacharelato. Nun dicionario etimolóxico, podes atopar a palabra grega e o significado. Observa que algúns compoñentes gregos funcionan dentro do sistema da lingua galega (esa é a razón de que se exprese cun guión para indicar se é o primeiro ou o segundo compoñente), e outros xa funcionaban dentro da lingua grega.

Se se bota unha ollada a un libro de *Ciencias Naturais*, obsérvase que está cheo de palabras gregas. Estes textos adoitan comezar por un grande apartado ao que se lle chama Xeoloxía, termo grego creado pola ciencia moderna (composto γεω, forma do primeiro elemento de composto derivado de γή 'terra', moi documentado en grego clásico, e λογία 'tratado', que se documenta como segundo elemento de composto en φιλολογία xa en Platón, aínda que con significado diferente), o primeiro elemento do composto e o segundo proceden do grego clásico.

Outras palabras que teñen o mesmo primeiro elemento γεω- 'terra' son: *xeoquímico* (adxectivo 'pertencente ou relativo á xeoquímica', cun segundo elemento χυμικός formado sobre χυμεία 'arte de mesturar os metais', 'alquimia'), *xeofísica* (de φυσική 'observación ou estudo da natureza'), *xeomagnetismo* (de Μαγνήτις, -ιδος 'pedra de Magnesia', 'imán' + o sufixo -ismo, entre cuxas acepcións está a de formar termos científicos modernos como *tropismo*, *astigmatismo*, *leísmo*), *xeotermia* (de θερμή 'calor' o segundo compoñente aparece tamén no *termo*, *termodinámica*, *termómetro*, etc.), *xeolóxico* (adx. 'pertencente ou relativo á xeoloxía'), *xeomorfoloxía* (de -μορφή- 'forma' + -λογία, é dicir, 'estudo da forma ou relevo da terra'; *morfo-* intervéñ tamén en *morfoloxía* e -*morfo* en *amorfo*, *dimorfo*).

Dentro da parte anterior das Ciencias encontramos outros conceptos expresados con palabras gregas, tales como: *magma*, *magmático*, *metamorfismo*, *metamórfico*, *materia amorfa*, *dinámica dos minerais petroxénicos*, *petroxenéticos*, *perlas hexagonais*, *sismoloxía*, *tectónica*, *oroxénese*, *litoloxía*, *xénese de estalactitas e estalagmitas*, *atmosfera*, *hidrosfera*, *estratosfera*, *planeta*, *galaxia*, *eclipse*, *átomo*, *helio*, *hidróxeno*, *nitróxeno*, *osíxeno*, *dióxido*, *ozono*, *eólico*, *hidráulico*, *petróleo*.

Outra parte das Ciencias Naturais é a **Bioloxía** (de βιο- xa documentada en grego clásico como primeiro elemento de composto, do substantivo βίος 'vida', + *loxía*; cf. *bio-* formando parte de *biografía*, *biolóxico* e -*bio* de *anaerobio*, *microbio*).

Vemos o mesmo elemento βιο- *bio-* en: *bioxeoquímico*, *biosfera*, *bioquímico*, *biomolécula*, *microbioloxía* e *biotecnoloxía*.

Dentro da bioloxía hai outros moitos conceptos expresados con palabras gregas: *bacteria* (βακτηρία 'bastón'), *eucariota*, *eucariótico* (εὖ 'ben' e κάρνιον 'núcleo'), *protocariota* (πρωτο de πρῶτος 'primeiro', cf. *proto-* en moitas palabras), *citoloxía* (de κύτος 'cavidade', 'célula' na bioloxía; *cito-* forma *citoloxía*, *citoplasma*, *citocinese*, e, como sufixo, -*cito* aparece en: *fagocito*, *linfocito*, *leucocito*), *autótrofo*, *heterótrofo*, *mitose*, *meiose*, *microorganismo*, *xen*, *xenético*, *antíxeno*, *glúcido*, *lípidio*, *proteína*, *histoloxía*, *metabolismo*, *catabolismo*, *anabolismo*, *enzima*, *cromosoma*, *cromosómico*, *macrófago* (de μακρός 'grande', e φάγος 'devorador', 'glotón', convertido en segundo elemento de composto -*fago*: *necrófago* ou en primeiro *fago-*: *fagocito*), *hemoglobina*, *anemia*, *hemofilia*, *trombose*, *embolia*; *endocardio*, *pericardio*, *miocardio*, *diástole*, *sístole*, *bradicardia*, *taquicardia*, *disnea*.

Botánica é outra das partes das Ciencias. Etimoloxicamente é o neutro plural do adxectivo βοτανικός 'feito de plantas' ou 'relativo ás plantas ou herbas', a forma τὰ βοτανικά 'plantas usadas como remedio' está documentada en Dioscórides, farmacólogo do I d.C. A Botánica é a única ciencia que conserva o latín como lingua científica, é dicir, sempre que se descobre unha nova especie de planta, dásele un nome latino con dous termos, o primeiro dos cales é o xénero e o segundo a especie, e descríbese a planta en latín, por exemplo, *cinodon dactilo*, 'grama común', pero moitos dos nomes que se utilizan son gregos (*cinodon* documentado en grego na forma κυνόδους e κυνόδων 'dente de can' de κύων κυνός 'can' e ὀδούς -όντος 'dente', e *dactilo*, en grego δάκτυλον 'en forma de dedo'), e ademais xa se usaban en época clásica, aínda que non coa precisión e univocidade coa que se utilizan na ciencia botánica actual.

Esta *taxonomía* (τάξις 'ordenación', e νόμος 'lei' ou 'norma') *binomial* está estendida a todos os seres da natureza, vexetais e animais. Todo o reino vexetal divídese en plantas *criptógamas* (os fiekos e os fungos) e plantas *fanerógamas* (todas as demais). Os termos *criptógamo* e *fanerógamo* son modernos, pero creados dentro da ortodoxia da composición grega.

En *criptógamo*, o primeiro elemento *cripto-* provén de κρυπτός, -ή, -όν 'cuberto', 'oculto', 'agochado', da mesma raíz que o verbo κρύπτω 'cubrir', 'ocultar', 'agochar', e funciona en galego como primeiro elemento de composto en palabras como *criptograma* ou *criptografía*, e *-gamo* procede de γάμος 'matrimonio', 'unión sexual', da mesma raíz que γαμέω 'casar', polo tanto *criptógamo* é unha planta que carece de flores e ten os órganos de reprodución ocultos, non visibles a simple vista. O elemento *gamo-* aparece como primeiro elemento de composto: *gamopétalo*, *gamosépalo*.

En *fanerógamo*, o primeiro elemento *fanero-* provén de φανερός, -ά, -όν 'visible', 'que está á vista', da mesma raíz que o verbo φαίνω 'facer ver', 'facer visible', e de *-gamo* que vimos de observar. Son *fanerógamas* as plantas nas que as flores, órganos de fecundación, son visibles. O sufixo *-gamo* funciona en galego en palabras que nada teñen que ver coas Ciencias, por exemplo, *bígamo*, *monógamo*, *polígamo*.

Velaquí outras palabras de orixe grega propias da botánica: cormofita, pteridofita, talo, ximnosperma, anxiosperma, halocita, fotosíntese, ecosistema, ecosfera, organografía, hormona, endocrino, cotiledón, mono- e dicotiledóneo, xerminación epíxea e hipoxea, endocarpio, mesocarpio, pericarpio, tropismo, fototropismo, xeotropismo, higtotropismo, tigmotropismo (de θίγμα 'tacto'), nastia, rizoma, espóra, esporofito, androceo, xineceo.

A **Zooloxía** é a parte das ciencias que estuda os animais en xeral (de ζῶον 'animal' + *loxía*; encontramos ζῶον convertido xa en primeiro elemento de composto na forma ζωο- galego zoo-: zoófago, zoófito, e en segundo elemento -zoo: protozoo, metazoo). A **Ornitoloxía** (de ὄρνις, -ιθος 'paxaro', 'ave' + *loxía*) é a parte das Ciencias que estuda as aves. A **Herpetoloxía** (de ἑρπετόν 'reptil' + *loxía*) estuda os réptiles. A **Ictioloxía** (de ἰχθύς, -ύος 'peixe' + *loxía*) estuda os peixes (cf. *ictericia*).

Realiza a πράξις 5